

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013338	CEIP Antonio Insua Bermúdez	Vilalba	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes plásticas, audiovisuais, performativas e escénicas preséntanse nos nosos días de moi diferentes maneiras e a través de distintos medios. Por estas razóns, a educación artística posúe unha gran relevancia, xa que na vida cotiá o manexo da información vinculada con ela fai necesaria a disposición de competencias e capacidades de pensamento propias das artes. A educación artística é de especial relevancia na educación primaria xa que, segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación, contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de maneira individual como grupal. Nesta etapa, a área de Educación Plástica e Visual sitúase nun lugar privilexiado e estratéxico para a transversalidade e para a conexión natural co resto das áreas do currículo, colaborando nunha maior comprensión da realidade. Esta área dá continuidade, na educación primaria, ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas. Así mesmo, asenta as bases para que o alumnado poida desenvolver nas mellores condicións as competencias artísticas a través da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, entre outras, na educación secundaria obrigatoria. A área de Educación Plástica e Visual desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e goce e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto ao individuo como á sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas.

Por outra banda, a área de Educación Plástica e Visual favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual como colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

Esta programación baséase no seguinte marco normativo:

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (BOE 26 de setembro de 2022)
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación dos ensinos de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado e os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten os ensinos establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 13 de maio, de educación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dibujo mi entorno	<p>Neste primeiro trimestre, propóñense diversas actividades plásticas que parten de contidos relacionados co seu ambiente máis próximo.</p> <p>Ponse o foco nos seguintes aspectos: análise e interpretación de monumentos e obras pictóricas recoñecidas, expresando as emocións que estas lle xeran; observación, identificación e discriminación de formas xeométricas presentes en elementos da súa contorna e o seu emprego no deseño e produción das súas creacións plásticas; procura de información sobre producións artísticas soadas para ampliar o seu coñecemento sobre elas;</p>	40	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Dibujo mi entorno	experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos; elaboración do retrato dun compañeiro ou compañeira remarcando as súas expresións faciais e o seu posterior posta en común na aula; participación en proxectos grupais poñendo en práctica habilidades sociais que desenvolvan valores como a empatía e a diversidade.	40	13	X		
2	Trazos de colores	Neste trimestre, incídese en que a natureza representa unha fonte de inspiración e creatividade moi relevante para a produción de composicións artísticas. A multitude de cores que mostran as paisaxes, os cambios na súa tonalidade segundo as estacións, as emocións que suscitan son trazos que nos/nos ofrecen un marco excepcional para traballar, correlativamente, conceptos vinculados coa arte e coa natureza.	40	13		X	
3	Diseño artillugios	Este trimestre centrarase en que a reutilización de materiais e a reciclaxe son prácticas ambientais que están estreitamente unidas ás artes plásticas. Combinar a creatividade e a innovación con conceptos máis complexos relacionados coa concienciación ambiental e o consumo responsable vai permitir que o alumnado aprenda dunha forma máis global e significativa.	20	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Dibujo mi entorno	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando a imaxe e os medios dixitais básicos e traballando de forma colaborativa.	PE	45
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando a imaxe e os medios dixitais básicos e traballando de forma colaborativa.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando a imaxe e os medios dixitais básicos e traballando de forma colaborativa.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Reconocer proostas artísticas audiovisuais de diferentes céneros, estilos, épocas e culturas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Producir creacións audiovisuais, traballando de forma colaborativa.		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	55
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, empregando o vocabulario específico básico para describir os seus elementos.		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, empregando o vocabulario específico básico para describir os seus elementos.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Explorar e describir elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manfiestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Trazos de cores	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participar no proceso cooperativo de creación compartindo as súas experiencias.	PE	30
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participar no proceso cooperativo de creación compartindo as súas experiencias.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participar no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	70
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forma parte do patrimonio de diversos contornos, empregando o vocabulario específico.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Describir distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forma parte do patrimonio de diversos contornos, empregando o vocabulario específico.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar o proceso e o resultado final das experiencias creativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respetar as creacións artísticas e audiovisuais dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Diseño artillugios	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, mostrando una actitude positiva e empática cos demás.	PE	45
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, mostrando una actitude positiva e empática cos demás.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Producir creacións audiovisuais, traballando de forma colaborativa		
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Empregar o vocabulario específico básico para describir elementos artísticos plásticos e visuais, mostrando una aptitude positivas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Empregar o vocabulario específico básico para describir elementos artísticos plásticos e visuais, mostrando una aptitude positivas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respetar e mostrar una aptitude positiva cara as manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias., empregando ferramentas audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Estratexias básicas de recepción activa. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde ol punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

1. Educación integral orientada a formar persoas...

- Indagadoras e analíticas
- Informadas e cultas
- Reflexivas e críticas
- Boas comunicadoras
- Colaboradoras e participativas
- Comprometidas e éticas
- Creativas
- Respetuosas e con unha mentalidade aberta

2. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

3. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organizase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen un roteiro didáctico en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
 - Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
 - Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
 - Consolidación, valoración do aprendido e personalización.
4. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.
5. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante
6. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.
7. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada unha área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.
8. Integración de novos saberes:
- Alfabetización informacional
 - Competencias STEAM

Secuenciación dos proxectos cooperativos (retos) ao longo do curso

Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e convértase en protagonista da súa evolución.

Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

Primeiro trimestre

Ao finalizar este primeiro trimestre expónse un reto grupal para que, desde ese contexto próximo como é a aula, interpreten e confeccionen un retrato dalgún compañeiro ou compañeira incidindo na expresión do seu rostro. Deste xeito, e de forma transversal, vai traballar a identificación de similitudes e diferenzas entre eles asumindo a diversidade como fonte enriquecedora no seu desenvolvemento.

A análise do traballo, a reflexión, a comunicación das conclusións e a posta en marcha de iniciativas para atallar os problemas son as liñas de actuación deste reto.

Segundo trimestre

Este reto expón a realización conxunta dun mural do bosque, empregando materiais plásticos e elementos naturais. De forma transversal, trabállase a conservación e o coidado da nosa contorna e valórase o gusto e a sensibilidade que nos/nos achega a natureza e os seus elementos nos nosos traballos artísticos.

Os alumnos e alumnas deben asumir a necesidade de protexer a natureza, propoñer accións encamiñadas á súa protección e a responsabilidade das persoas, partindo da contorna próxima.

Terceiro trimestre

Con este reto, preténdese concienciar ao alumnado da relevancia de transformar obxectos usados en elementos crave das súas producións artísticas: maquetas e esculturas. Organízase unha exposición de esculturas realizadas con material de refugallo.

Aplícanse os coñecementos adquiridos a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

A reciclaxe, a reutilización de materiais e o aforro de recursos constitúen o eixo desta situación de aprendizaxe que serve de peche ao curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material do alumnado:

- Libro do alumnado.
- Caderno de aprendizaxe.
- Caderno interactivo
- O esencial.
- LibroMedia.

Material do profesorado:

- PDA. Programación didáctica de aula, axustada aos requirimentos da LOMLOE.
- Guía didáctica, que contén programación abreviada e suxerencias metodolóxicas.
- Cadernos de aula.
- Material elaborado polas profesoras para traballar, reforzar ou ampliar determinados contidos.
- Outros textos instrutivos: libros de texto, dicionarios,...
- Utilización de tecnoloxías e Internet para buscar información.
- As bibliotecas escolares: de aula e de centro.
- Xogos Material funxible.educativos ou material manipulativo de interese.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto levarase a cabo mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	40	20	100
Proba escrita	45	30	45	39
Táboa de indicadores	55	70	55	61

Criterios de cualificación:

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación téranse en conta os seguintes criterios:

- 40% obterase como resultado das medias das probas orais e/ou escritas
- 40% obterase como resultado da revisión periódica dos traballos puntuando aspecto como:
 - Limpeza e presentación
 - Aplicación correcta dos coñecementos escritos
 - Constancia, esforzo e regularidade no traballo (remata o traballo)
- 20% de actitude ante a materia: participa, atende ás explicacións da persoa titora, cumpre as normas...

Sumando todos os apartados obterase a nota media.

Estes criterios serán os mesmos para a 1ª, 2ª e 3ª avaliación. Para aprobar cada materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

Criterios de recuperación:

O discente que non alcance os estándares mínimos programados para cada avaliación:

- Rectificará a súa actitude se esa é a dificultade: esforzo, interese, participación...
- En caso de que estime oportuno o mestre/a, fará aqueles traballos que non fixo ou fixo mal e mellorará a calidade dos traballos.
- Reforzo do mestre aportándolle material e recursos para superar a materia na seguinte avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e altas capacidades intelectuais) con fichas de reforzo e/ou ampliación.
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- **ENSINO TITORADO.**
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Emprendemento	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostenible	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións obrigatorias e non obrigatorias	Celebraremos e conmemoraremos diferentes actividades: día da non violencia, día da discapacidade, Nadal, día da paz, día de Rosalía, día da muller traballadora, entroido, día Das Letra Galegas, etc.			

Observacións:

Levaremos a cabo como todos os cursos un Proxecto de biblioteca que comprende todas as áreas de maneira transversal. Neste curso 2022-2023 leva por título "Pintores e pintoras do mundo".

Realizaranse todas as saídas que se consideren oportunas e que se poidan realizar ao longo do curso. Serán saídas educativas relacionadas cos contidos que se traballan en clase para axudar ao alumnado na súa aprendizaxe significativa na contorna. Así mesmo, realizaranse outras actividades complementarias que xurdan e sexan de gran aproveitamento didáctico e lúdico para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
EXPRESIÓN ORAL
EXPRESIÓN ESCRITA
ACTITUDE ANTE A LINGUA

Descrición:

- Participa en debates e respecta as normas do intercambio comunicativo.
 - Prepara exposicións orais e preséntaas con progresiva seguridade e confianza.
 - Comprende e expresa sentimentos propios e dos demais.
 - Expressa opinións e emocións en debates grupais e argumentaas.
 - Aguzosa atención ao uso da linguaxe inclusiva e non discriminatorio.
 - Aplica diferentes estratexias para ampliar vocabulario.
 - Identifica e valora a vertente literaria dos textos.
-
- Le e comprende textos de diferente tipoloxía.
 - Aplica os seus coñecementos gramaticais ás súas producións e valora a súa importancia na comunicación escrita.
 - Mostra curiosidade por explorar os recursos dixitais da aula.
 - Elabora con progresiva autonomía investigacións sobre diferentes temas.

- Adquire autonomía na planificación, redacción e revisión das súas producións escritas.
 - Desenvolve estratexias básicas para a recompilación e selección de información sobre un tema.
 - Reflexiona sobre os textos, as súas tipoloxías e os seus contidos.
 - Recoñece o valor expresivo da imaxe que acompaña a un texto.
 - Establece relacións entre as informacións que ofrecen os textos e as que se ofrecen mediante diferentes recursos gráficos.
-
- Valora a diversidade como elemento enriquecedor.
 - Reflexiona sobre a importancia da comunicación en diferentes situacións.
 - Valora as achegas das compañeiras e os compañeiros como ferramenta de aprendizaxe e mellora dos traballos.
 - Desenvolve progresivamente o seu espírito crítico en diferentes contextos comunicativos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESULTADOS ACADÉMICOS PROPOSTAS DE MELLORA

- Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal axeitada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
- Utilización dunha metodoloxía adecuada
- Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento de contidos, etc..)
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
- Regulación da práctica docente Grao de seguimento dos alumnos
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe .
- Os criterios de cualificación están axustado á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os criterios de avaliación déronse a coñecer: aos alumnos, ás familias.
- Utilización de medidas para a atención a diversidade. Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados